



# CCOO INFORMA N.º 17

## PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS COIDADORAS

### En que consiste?

Son axudas económicas destinadas a persoas coidadoras para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Ten tres modalidades;

- a) Modalidade de Respiro no fogar para financiar a atención puntual, integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.
- b) Modalidade de respiro en centro de día para financiar os gastos da atención puntual, integral e directa en centros de día da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Modalidade de respiro en residencia para financiar o gasto nas estadias temporais en centros residenciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Quen pode solicitar a axuda?

As persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

### Requisitos

- a) Que a persoa coidadora solicitante da subvención ou a persoa ou persoas que vaia atender, sexan residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Que a persoa que se vai atender se encontre nalgunha das seguintes situacións:
  1. Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.
  2. Ter recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente no grao II ou III.
  3. Que a persoa que se vai atender, se non está nas situacións enumeradas antes, presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

As persoas coidadoras deben cumprir os requisitos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Tipo de axuda e contía**

1. Na modalidade Respiro no fogar, a axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do servizo de atención a domicilio para atender necesidades puntuais.  
O servizo poderá ser prestado por unha entidade autorizada para prestar o servizo de axuda no fogar e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ou por persoal profesional legalmente acreditado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais e contratado directamente pola persoa cuidadora solicitante da subvención e comprenderá os cuidados persoais e de acompañamento que necesita a persoa, en ausencia das persoas cuidadoras.  
Cando nun domicilio se atenda máis de unha persoa, as tarefas que se van prestar deberán ser compatibles coa vixilancia e atención de todas elas.  
A axuda pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 1.000 euros por beneficiario/ano.
2. Na modalidade respiro en centro de día, a axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do servizo de atención no centro de día.  
O servizo deberá ser prestado por unha entidade autorizada como centro de día, inscrita no RUEPSS e que conte coa autorización correspondente. As actuacións do servizo cubrirán os cuidados persoais e de acompañamento que necesita a persoa que se atende, en ausencia das persoas cuidadoras.  
A axuda consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 1.000 euros por persoa beneficiaria/ano.
3. A modalidade de Respiro en residencia consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento da residencia.  
Serán as persoas cuidadoras solicitantes da subvención as que aboan o importe total da estadía que hai que pagar.  
A axuda consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 1.500 euros por beneficiario/ano.

A axudas faranse efectivas unha vez que se presente a documentación establecida requirida.

### **Documentación necesaria**

As persoas cuidadoras solicitantes da subvención deberán achegar, xunto co anexo I da solicitude, a seguinte documentación:

- a) Anexo II, relativo á comprobación de datos de terceiras persoas interesadas da persoa a atender.
- b) Informe social segundo o modelo do anexo III ou no modelo unificado (ISU) relativo á persoa dependente, só naqueles casos en que non exista recoñecemento de grao de dependencia ou que variasen as circunstancias desde a valoración da dependencia.
- c) Copia do contrato de prestación de servizos, asinado pola entidade titular da residencia para a modalidade de respiro en residencia.
- d) Copia do contrato asinado coa entidade prestadora do servizo de axuda no fogar ou contrato ou ampliación do contrato do persoal legalmente habilitado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais para a modalidade de respiro no fogar.
- e) Copia do contrato de prestación de servizos asinado pola entidade titular do centro de día para a modalidade de respiro en centro de día.
- f) Informe médico relativo á persoa dependente segundo o modelo do Servizo Galego de Saúde, só naqueles casos en que non exista recoñecemento do grao de dependencia.

- g) Xustificación documental ou declaración responsable xustificativa da situación de respiro ou descanso persoal da persoa coidadora: xustificante médico de enfermidade da persoa coidadora, xustificante documental da ausencia puntual de coidado ou declaración responsable da persoa coidadora da situación puntual de ausencia no coidado.
- h) Certificado do grao de discapacidade da persoa dependente se non fose expedido pola Xunta de Galicia.
- i) Declaración responsable ou documento que acredite oficialmente a situación ou vínculo familiar da persoa coidadora solicitante da subvención coas persoas atendidas.

### **Prazo de presentación**

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 20 de abril de 2024 e finalizará o 21 de outubro de 2023.

### **Presentación de solicitudes**

Preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

### **Máis información**

- DOG núm. 78 viernes 18 de abril de 2024:  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240419/AnuncioG0657-150424-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240419/AnuncioG0657-150424-0001_gl.pdf)
- Sede electrónica: código de procedemento BS614B.

**Secretaría de Empleo e Política Social  
SN de CCOO de Galicia**